

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día sete de novembro de dous mil dezaoto; as dez horas e quince minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Ricardo González Amaro, Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado trinta e un de outubro do dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

-Escrito de don Julio Feijoo Sánchez no que expón que “ el día 11 de septiembre solicité la excedencia por prestación de servicios en el sector público, quedando pendiente de pago las noches realizadas, festivos y horas extraordinarias del año en curso así como también lo correspondiente por reforzar el turno del día 25 de agosto (Festa da Historia).

Considerando que ata o día 11 de setembro de 2018 o solicitante realizou vinte nove noites e vinte e dous festivos, e que o acordo regulador recollía un máximo de trinta e unha noites e vinte e seis festivos anuais, e que as contías correspondentes a dito acordo sobre noites e festivos se abonan coa nómina mensual.

A xunta de goberno acorda que non procede efectuar ningunha devolución de cantidade por ditos conceptos polo solicitante.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.

-Notificación de requerimento de limpeza de vexetación en liña eléctrica da Xefatura territorial da Consellería de Medio Rural na Franqueiran.

-Escrito da Area Provincial de Turismo da Consellería de Cultura e Turismo comunicando a alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade autónoma de Galicia do café bar “Divercafé Pintamonas” na rúa Carballiño 8 de Ribadavia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro para organización de eventos físico deportivos no 2018

Vista a proposta formulada polo Director do Servizo Municipal de Deportes , a xunta de goberno local aproba a resolución provisional de subvención , conforme a seguinte baremación , aos seguintes proxectos polos seguintes importes:

EVENTO	ENTIDADE	PROPOSTA SUBVENCIÓN
2ª ruta btt de Ribadavia	C Ciclista Riders do Ribeiro	584,8
III Torneo Minibalonman na Rúa	C.E.Balonman Ribadavia	722,4
III Campus Ribeiro 2018	Ribeiro F.C.	688
VIII Trofeo Internacional Capital do Ribeiro de Karate	C Mizakumi Karate	1204
Fase de Ascenso 1ª Nacional Masc de Balonman	ADC Ribeiro	791,2

APROBACIÓN DE SUBVENCION

Visto o Convenio entre o Concello de Ribadavia e a Diócese de Ourense para o uso e utilización polo Concello da igrexa da Madalena, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda aboarlle a Parroquia de Santo Domingo de Ribadavia (Diócese de Ourense) a cantidade correspondente os gasto de subministro eléctrico do referido inmobile correspondente o exercicio de 2018 que ascende a cantidade de 343,34 euros.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e corenta minutos da maña, ergueuse a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Concello de Ribadavia